

CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARIA DO PLENO	
Data	13 XUÑ. 2018
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 174

## PREGUNTA ORAL SOBRE A PRÓRROGA DO CONTRATO PARA OS ESPAZOS VERDES E ARBOREDO URBANO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Continuando coa tendencia imperante neste Concello durante o actual mandato, a Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente do pasado 11 de maio de 2018 acordou, por proposta do concelleiro delegado da área, a prórroga do contrato para a prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arboredo urbano do Concello de Santiago de Compostela, á empresa que vén prestando ese servizo desde maio de 2014.

O contrato sinalaba un prazo de execución de 4 anos que remataba en maio deste ano, sinalando a posibilidade dunha prórroga máxima de 2 anos, excepcionalidade á que se acolleu o Goberno local para estender a efectividade do contrato ata maio de 2020, cun gasto por anualidade de 3.411.710 euros, o que fai un total 6.823.420 euros.

Tendo en conta a posibilidade de proceder a unha nova licitación que abraira novas expectativas de melloras contractuais para o Concello e para ampliar o abano da oferta cara a pequenas e medianas empresas locais, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

***Cal é o motivo polo que o Goberno vén prorrogando a inmensa maioría dos contratos de servizos municipais que o Concello ten subscrito con empresas privadas, desprezando a posibilidade das licitacións ao remate dos prazos ordinarios de execución, coas posibilidades que ofrece unha nova licitación para a mellora das condicións contractuais; e por que motivo non ten contemplado, singularmente no caso do contrato para os espazos verdes e arboredo urbano, a modalidade dunha licitación por lotes que permitira a participación de pequenas e medianas empresas de ámbito local?***

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2018



Alejandro S. Brunete Varela  
Concelleiro do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela